

Programa Minerva

Entidade executante

Asociación Itinera de Voluntarios en Saúde Mental
<http://asociacionitineracom/>

Ámbito territorial

O programa desenvólvese nas cidades de Pontevedra e A Coruña

Persoas destinatarias

Persoas con trastornos mentais
Persoas en risco de exclusión social
Persoas con antecedentes de condutas autolíticas
Persoas que vivas soas, ou con núcleo familiar desestructurado
Persoas que convivan con familiares con TM

Obxectivos

Ofrecer formación prelaboral a través da planificación de itinerarios individualizados para cada persoa usuaria.
Ofrecer un espazo de estudo pra a adquisición e mellora de competencias e habilidades das persoas usuarias.
Mellorar as habilidades e coñecementos das persoas usuarias no ámbito da alfabetización dixital a través de contidos específicos de xeito transversal a todas as actividades.
Fomentar a adquisición de habilidades e capacidades necesarias para unha vida autónoma para as persoas con trastorno mental

Contido técnico do programa

O traballo coas persoas usuarias farase mediante itinerarios individualizados de atención segundo as seguintes fases:

Avaliación inicial e deseño do itinerario: nas primeiras entrevistas elaborárase un itinerario coa persoa. Nun traballo conxunto trátase de establecer uns obxectivos realistas e alcanzables cara os cales se vai determinando os pasos a seguir para a súa consecución.

Programa de traballo: neste momento a persoa xa estaría levando a cabo as accións que se foran acordando nas primeiras entrevistas, na que se incluírían as distintas actividades que conforman o programa.

Seguemento e avaliación continúa: é preciso ter un seguimento continuo de como vai desenvolvéndose a persoa, de cara a modificar e/ou reformular calquera paso dos establecidos, tendo que resolver calquera cuestión que persoa formule.